

ESCALETA_MEMORIA



“XELA É MOITA XELA”

Data da gravación	23 de abril	Duración	5´
Locutores e locutoras	Alumnado de 1º de ESO: Laura Fernández Pardo Natalia Méndez Trabado Uxía Pardo Carballo David Pérez Digón		
Técnico	Pablo Gómez Esqueira		
Música	As cancións do podcast foron eleixidas polo alumnado, e están relacionadas cos gustos musicais de Xela Arias. Aretha Franklin, "I say a little prayer" Golpes Bajos, "Malos tiempos para la lírica" Desertores, "Que me dejes en paz"		

Guion

MÚSICA: Aretha franklin, “I say a Little Prayer”

NATALIA: Bo día, hoxe en Cervantes nas Ondas temos unhas convidadas moi especiais, non é certo, David?

DAVID: Bo día, Natalia, é ben certo, hoxe temos con nós a Laura e a Uxía, as nosas compañeiras de 1º de ESO. Benvidas, compañeiras.

LAURA:Bo día, encantada de estar aquí.

UXÍA: Ola, grazas por convidarnos ao voso programa.

NATALIA: Uxía, cóntanos, esta canción coa que comezamos foi una proposta túa, por que a elexiches?

UXÍA: Porque é una canción que soa moi ben, descubrina mentres facía a investigación sobre o tema do que imos falar, que é Xela Arias, a poeta á que lle adicamos o Día das Letras Galegas neste ano 2021.

LAURA: Efectivamente, a música é moi importante na vida de Xela, e cando indagamos na súa biografía foi inevitable escoitar a música dos anos 80 que tanto a apaixonaba.

DAVID: Para coñecer mellor a Xela Arias foivos de moita axuda a biografía publicada por Xerais de Yolanda Castaño, non?

UXÍA: Si, foi o noso libro de referencia. Yolanda Castaño achéganos de forma moi amena moitos momentos da vida de Xela.

NATALIA: título “Xela quixo ser ela” é moi apropiado, non? Laura?

LAURA: Si, porque, sen dúbida, o que máis nos chamou a atención de Xela Arias foi a súa maneira de vivir sen preocuparse polo que dixeran os demais.

DAVID: Seica cando tivo a idade de ir ao instituto, quixo ir a un que era mixto, que na súa época non era o máis habitual.

UXÍA: Si, decidiuse polo IES Castelao que está no barrio do Calvario, en Vigo, cidade na que Xela pasa a meirande parte da súa vida.

NATALIA: Pero a súa primeira infancia vívea moi preto aquí, en Sarria e Lugo.

LAURA: A nai e o pai de Xela eran de Sarria, e alí pasa os seus primeiros anos, moi cerca da Granxa-escola de Barreiros, onde seu pai era mestre, e, despois de trasladarse a Lugo, comeza a escola primaria no colexio Fingoi, que tamén era un colexio mixto. Aquí vemos como xa a súa familia elixe para Xela un centro diferente.

DAVID: Non só iso, a familia de Xela tamén decide falarlles aos seus fillos e fillas na lingua galega, aínda que vivían na cidade.

LAURA: Si, Yolanda Castaño cóntanos na súa biografía que o pai de Xela publica un artigo co título “Xeliña fala galego” no que relata unha anécdota que retrata unha sociedade chea de complexos coa lingua galega.

NATALIA: Pois polo que se ve, xa desde moi nova, Xela mostra moito interese pola lingua...con só 11 anos gaña un concurso de contos, e con só 18 anos comeza a traballar ma editorial Xerais.

UXÍA: E gustáballe moito participar en recitáis. Xela dicía que “hai que rebotarse. Rebotarse contra a concepción do libro como un cadáver morto nun anaquel”.

MÚSICA: Golpes Bajos, “Malos tiempos para la lírica” (Retrouso)

LAURA: Xela quere ser princesa...

UXÍA: Ti estás tola, iso é o último que queredría ser...

NATALIA: Xela con 18 anos xa comezaba a ser unha muller feita e dereita.

DAVID: E cando comezará a publicar?

UXÍA: Xela publica poemas en revistas e xornais desde moi noviña, e o seu primeiro poemario, Denuncia do equilibrio, sae publicado cando conta con só 24 anos.

LAURA: E foi un dos libros de poesía galega máis lidos meses momentos.

NATALIA: E publicou algún libro máis?

UXÍA: Si, Xela Arias publicou outros tres libros que son un referente da literatura galega contemporánea: Tigres coma cabalos, Darío a diario e Intempériome.

NATALIA: Que pena que morrera tan nova!

LAURA: Pois si, pero é unha sorte que poidamos participar deste homenaxe de adicarlle as Letras Galegas.

DAVID: Teno ben merecido!

NATALIA: Moitas grazas, compañeiras, por agasallarnos con estes momentos da vida de Xela.

UXÍA E LAURA: Grazas a vós!

UXÍA: Imos rematar escoitando unha canción de “Desertores” coa letra de Xela Arias, que seica lles gustou moito a Laura e a Natalia.

MÚSICA: “Que me dejes en paz” de Desertores.

Descrición da experiencia

Introdución.

Neste curso 2020-21 comezamos, a través do Plan de Formación Permanente do Profesorado, a poñer en marcha unha radio escolar como medio dinamizador de proxectos interdisciplinares, coa coordinación da Biblioteca Escolar.

A convocatoria do concurso de podcast pareceunos unha oportunidade de comezar a traballar co noso alumnado na radio e, realmente, foi unha experiencia moi satisfactoria.

Neste traballo estiveron implicados os Departamentos de Lingua e Literatura Galega, Lingua Castelá e Literatura, Música, Xeografía e Historia e Bioloxía. Desenvolveuse en todos os cursos da ESO, realizando un podcast con cada grupo, pero presentamos ao concurso os podcast de 1º e 4º de ESO, por ser os que mellor se axustaban aos requisitos da convocatoria.

Obxectivos.

- Recoñecer as aportacións de Xela Arias á creación poética en galego e á divulgación da lingua galega entre os máis xoves.
- Visibilizar o traballo dunha muller no ámbito da edición, a tradución e a creación.
- Recoñecer os distintos xéneros periodísticos.
- Producir un cambio metodolóxico na aula que dea cabida a todo o alumnado.
- Valorar o traballo cooperativo como unha estratexia de solidariedade necesaria para a vida en comunidade.
- Elaborar recursos creativos e dixitais.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para adquirir coñecementos con sentido crítico.
- Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe empregando diversos medios de expresión e representación.
- Fomentar o gusto pola palabra, o ritmo e a sonoridade.

Metodoloxía.

Levou a cabo unha metodoloxía de investigación, creación, cooperación e corrección en proceso (autocorrección con dicionario e correctores, corrección en grupo e corrección do profesorado). Servímonos da plataforma Moodle para canalizar, organizar, consensuar, investigar, seleccionar e revisar o traballo realizado de forma cooperativa.

Nas sesións de Lingua e Literatura Galega levouse a cabo a investigación sobre a vida de Xela Arias e a análise da súa obra poética; en Lingua Castelá traballáronse os textos periodísticos en formato radiofónico; o Departamento de Música coordinou as gravacións e edición dos audios, o Departamento de Historia colaborou en labores de investigación e documentación, e desde o Departamento de Bioloxía aportáronse claves que permitiron poñer en valor a importancia da visibilidade das mulleres en todos os ámbitos.

Profesorado

Pablo Gómez Esqueira.

Eva María Liñares Becerra.

Sara Noelia Pereira Costa.

Antonio Javier Ulla Fernández.

Francisco Xabier Souto Ares.

M^a Jesús Gil Castro.

Recursos.

Diccionario da Real Academia Galega.

Manexo da prensa escrita en castelán e galego, e audios de diversos programas de radio.

Plataforma Moodle.

Google Drive.

Buscador de Google.

Libros aportados pola Biblioteca Escolar:

- Biografías (Xela quixo ser ela, Yolanda Castaño; Intempestiva, Montse Pena; Xelarias, Emma Pedreira e Laura Romero).
- Obras poéticas: Darío a diario, Denuncia do equilibrio, Poesía reunida (1982-2004), Xela Arias).
- Obras narrativas: Non te amola!, “A fraga dos paxaros faladores e a fraga leoparcia”, Xela Arias.
- Obras traducidas ou editadas por Xela Arias: Contos ao teléfono, cómics, colección xabarín...)

Competencias clave.

- **Competencia lingüística:** expresión escrita e oral, comprensión lectora e oral, análise e interpretación de textos poéticos, ensaísticos, periodísticos e expositivos.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** conceptos básicos de funcionamento dunha radio.
- **Competencia dixital:** manexo das ferramentas de google e dos recursos da aula virtual.
- **Aprender a aprender:** motivación en torno á realización dun podcast.

- **Competencias sociais e cívicas:** divulgación e normalización da lingua galega.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:** propostas do formato do programa, contido do guion e selección da música.
- **Conciencia e expresións culturais:** valoración da obra da escritora.